


LABORALIA

FUTURE JOBS

2017



**Como ter
oportunidades
laborais nun
entorno dixital**



11 Expertos * 2 Sesións





COMO TER OPORTUNIDADES LABORAIS NUN ENTORNO DIXITAL

A formación en competencias profesionais e o aproveitamento das **oportunidades** da cuarta revolución industrial constitúe un dos alicerces sobre os que debe asentarse a Universidade do s. XXI. A **dixitalización da sociedade** preséntase como un feito imparabile, que está a transformar profundamente os modos de facer e as expectativas e as necesidades das persoas e das organizacións humanas.

O **factor tecnolóxico** é unha peza clave do novo contexto social, económico e laboral das xeracións “Z” e Y”. Estas novas xeracións naceron, creceron e se relacionan a diario nunha e cunha contorna altamente dixitalizada que poden aprender a aproveitar e xestionar, en beneficio das súas expectativas profesionais/vitais e, polo tanto, do ben da sociedade.

As universidades pode xogar un **papel clave** neste proceso de aprendizaxe e descubrimento, guiando as xeracións máis novas para que saiban descubrir novos xeitos de moldear o factor dixital, de tal xeito que este cobre forma, en termos de emprego, riqueza e benestar.

“Laboralia: Future Jobs” é unha **xornada de divulgación e formación** a través da que o Consello Social da Universidade da Coruña pretende contribuír a este obxectivo. O proxecto atópase alineado, en particular, coa estratexia de especialización da Universidade da Coruña, que prevé a implantación de novos graos e títulos de mestrado en moda, deseño e videoxogos.



QUE ATOPAREI EN LABORALIA FUTURE-JOBS?

Exemplos prácticos das novas profesións que poderían desempeñar as novas xeracións ante o novo contexto dixital. En concreto, “Laboralia: Future Jobs” pretende visibilizar a **experiencia de profesionais** españois e iberoamericanos que desenvolven a súa actividade profesional en eidos laborais altamente dixitalizados e produtivos, situados en sectores estratéxicos para a economía española, que están a emerxer e se presentan hoxe como **nichos de emprendemento** e emprego cualificado.



A QUEN VAN DIRIXIDAS ESTAS XORNADAS?

- ✘ Estudantado e profesorado **universitario**.
- ✘ Alumnado e profesorado de **ciclos formativos** de formación profesional.
- ✘ Alumnado e profesorado de **ensino secundario** (Bacharelato).
- ✘ **Directivos** vinculados a universidades e a calquera institución educativa.
- ✘ Familias e especialistas en **orientación laboral** e profesional.



CANDO?

Xoves 15 e venres 16 de xuño de 2017, sesións intensivas en horario de mañá.



ONDE?


Sede do Consello Social da UDC Campus de Riazor
Salón de Actos do Centro C/ Almirante Lángara s/n,
Universitario de Riazor da UDC 15011 (A Coruña).



ENTIDADES COLABORADORAS



XOVES 15 DE XUÑO



09:15 h.

Recepción de asistentes

✳ **UNIVERSIDADE DA CORUÑA: O CAMPUS INNOVA E O CAMPUS DA SUSTENTABILIDADE**

09:45 h.

Julio Abalde Alonso ✳ Reitor da Universidade da Coruña
Antonio Abril Abadín ✳ Presidente do Consello Social da Universidade da Coruña

✳ **O ENTORNO DIXITAL: NOVOS HORIZONTES PARA UNHA MOCIDADE GLOBAL**

10:00 h.

Max Trejo Cervantes ✳ Secretario Xeral da OIJ (Organización Internacional da Mocidade)

✳ **E-SPORTS: O TEU FUTURO PODE ESTAR AQUÍ**

10:45 h.

Tao Martínez ✳ Socio-director de Training Gamers e membro da Cátedra eSports da UCAM

Diego González ✳ Ciruxán torácico e formador nos mellores hospitais do mundo

Alfonso Ramos ✳ Dobre campión do mundo de FIFA, xogador profesional de eSports en Giants Gaming

Daniel Alonso ✳ Caster. Ex xogador de FIFA e actual comentarista en Virtual Football Organization (VFO)

12.00 h.

Descanso

✳ **NECESITAMOS HACKERS: XENIOS ENTUSIASTAS DA PROGRAMACIÓN INFORMÁTICA**

12:15 h.

Pablo González Pérez ✳ Hacker. Technical Business Manager en Telefónica Dixital España

✳ **SMART CONTRACTS: UN HÍBRIDO ENTRE O DEREITO E A INFORMÁTICA**

12:45 h.

Alejandro Touriño ✳ Socio Director da Oficina de ECIJA en Madrid e árbitro da Organización Mundial da Propiedade Intelectual

✳ **COMPETENCIAS DIXITAIS : CALES NECESITAS ADQUIRIR?**


13:15 h.

Luis Fernández López ✳ Representante do Consello da Informática Sociedades Profesionais Europeas (CEPI) e da European Computer Driving License. Director do proxecto eSkills Match da Comisión Europea

14.00 h.

Fin da xornada

VENRES 16 DE XUÑO



✳ **LANZADEIRAS DE EMPREGO EN ENTORNOS DIXITAIS**

09:30 h.

Pilar Bonigno ✳
Coordinadora da Lanzadeira de Emprego da Coruña

✳ **DINÁMICA IoT E ARDUINO**

09:50 h.

Álvaro Núñez-Romero ✳
Máster en Seguridade Informática e membro de Telefónica Dixital España e de "HackersClub Academy"

✳ **DINÁMICA BLOCKCHAIN Y BITCOINS**

11:10 h.

Cristina Carrascosa ✳
Head of Legal do Fluol Ecosystem

12.30 h.

Descanso

✳ **DINÁMICA COACH FOR LIVE**

12:45 h.

Celia Sáenz de Santamaría ✳
Experta en coaching persoal e executiva en habilidades sociais e directivas. Mestrado en Intelixencia Emocional

14.00 h.

Fin da xornada

LABORALIA

FUTURE JOBS 2017

Como ter
oportunidades laborais
nun entorno dixital



www.laboraliaudc.com

